

Que fixemos en EAPN coas demandas do ano pasado?

Estas foron as nosas accións, defendendo as propostas feitas polas persoas asistentes ao Encontro de Participación do ano pasado:

Vivenda

- Campaña #EmerxenciaVivenda para denunciar a situación que están a vivir milleiros de persoas en Galicia e España. Preparación exposición con casos e testemuñas reais no 2022.
- Propostas na Axenda Social de Galicia:
 - Disposición de 100 vivendas para reforzar a atención ás persoas sen fogar.
 - Programa de acompañamento específico a mulleres en situación de senfogarismo nas sete grandes cidades galegas.
 - Programa de atención ás persoas con risco grave de desafiuzamento ou perda da súa vivenda habitual.
 - Creación e mantemento de novas prazas do servizo de acollida básica (aloxamento media-longa estancia)
 - A FEGAMP recomendará aos concellos a identificación das persoas sen fogar localizadas no seu municipio, e a axilización do empadramento daquelas que carezan de domicilio.

Fenda Dixital

- "Sen xeito, nin dereito": Investigación sobre a situación e necesidades de acceso a internet das mulleres no rural.
- Propostas na Axenda Social de Galicia:
 - Garantir acceso a dereitos en perigo pola fenda dixital, garantindo todas as vías de presentación e obtención de documentación.



O 6 de outubro de 2021, traballamos en propostas baixo o lema "Os dereitos sociais non son unha lotería", sobre fenda dixital, exclusión bancaria ou financeira e acceso a vivenda.

Exclusión financeira

- Reclamamos medidas urxentes contra a discriminación bancaria das persoas: Seminario «Inclusión financeira: enfoque de derechos o aporofobia bancaria?».
- Xuntanzas con ABANCA sobre necesidades e propostas de mellora na relación coas persoas en situación vulnerable.
- Propostas na Axenda Social de Galicia:
 - Facilitar o acceso aos servizos financeiros no rural, dispoñendo dun caixeiro automático e de acceso a servizos de asistencia financeira e formación en banca electrónica.
 - Campaña de divulgación e formación sobre servizos financeiros para reforzar o acceso das persoas con escasos recursos a unha conta bancaria básica, sen obrigas de pago asociada por comisións.

- Subvencións para provisionamento dun servizo de internet e wifi doméstico, mediante a regulación dunha nova tipoloxía de Axuda de Inclusión Social.
- Creación dunha plataforma de oferta e demanda de dispositivos electrónicos para entregar prioritariamente a persoas en itinerarios de inclusión.

Encontro de Participación Social

para a elaboración de propostas políticas

30 de xuño | 9.30 - 18.00
Santiago de Compostela



PROGRAMA

- 9.30** Recepción participantes
- 10.00** Comezamos sorrindo
- 10.15** **Mesa redonda: como reclamamos o cumprimento dos nosos dereitos?**
Modera: Patricia Torreira, técnica EAPN Galicia
· Jose María Abello, participante EMAUS
· Xosé Cuns, director EAPN Galicia
· Sol Vázquez, directora Instituto Galego de Consumo
- 11.30** Descanso café
- 12.00** **Traballo en grupos: 1ª rolda**
- 13.10** **Traballo en grupos: 2ª rolda**
- 14.00** **Votación propostas**
- 14.30** Xantar
- 16.30** **Clausura coa Valedoría do Pobo**
- 16.50** **Roteiro**
- 17.30** **Acto de rúa: lectura de conclusións**
- 17.45** Final xornada

CCES
SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAPITAL ESPAÑOLA
DA ECONOMÍA SOCIAL

@EAPNes
@EAPNGalicia
www.eapn.es
www.pobreza.gal

Organiza



Colaboran



Subvenciona



POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

Que é a violencia administrativa?

Son mensaxes directos ou indirectos de **expulsión da Administración Pública ou empresas de servizos básicos** para a cidadanía (subministros, teléfono/internet, banca, ...)

Como podemos detectala?

Alguns exemplos en diferentes ámbitos:

XUSTIZA

- Escasez de persoal no turno de oficio xudicial para a defensa de persoas con escasez de recursos.
- Procesos xudiciais excesivamente longos.

VIVENDA

- Solicitude de datos en exceso (centrado ademais en situación pasada, non na actual da persoa).
- Retrasos inxustificados en trámites e pagamentos de certas axudas por parte da Administración.
- Descoñecemento en canto a recursos en materia de vivenda.

SANIDADE

- Errores administrativos por mala xestión de historiais médicos ou cruces de datos entre profesionais.
- Atención sanitaria lenta que non cubre as necesidades dos pacientes.

PRESTACIÓNS SOCIAIS

- Linguaxe demasiado técnico nos formularios de solicitude e tramitación de prestacións sociais.
- Dificultades no cumprimento de requisitos (por exemplo, o empadronamento).
- Descoñecemento respecto a algunhas prestacións por parte de profesionais técnicas das administracións.
- Demora nas resolucións.


Reclamando os nosos dereitos

Que é unha denuncia?

Acto no que a persoa pon en coñecemento da Administración de Consumo unha acción que pode supoñer vulneración de dereitos como consumidora. É unha defensa colectiva.

Que é unha reclamación?

Acto no que a persoa expón ante unha empresa ou a administración que ten conflito ou está en desacordo con unha empresa ou profesional que lle vendeu un produto ou servizo.



Como fago unha reclamación a Consumo?

- 1 Cubrir e entregar no establecemento unha folla de reclamación (deben estar dispoñibles na empresa que se trate)
- 2 Reclamar previamente na empresa. Se esta non contesta en prazo ou a contestación non é satisfactoria, o impreso orixinal pódese entregar en:

Servizo Provincial de Consumo

Oficiñas Municipais de Información ao Consumidor (OMIC)

Asciacións de Persoas Consumidoras e Usuarios

Centros transfronteirizos de información ao consumidor

Sedes Dirección xeral de Comercio e Consumo

Servizo dos concellos ás consumidoras

Agrupacións para a defensa dos intereses de consumidoras e usuarias

Asesoramento específico para contratar ou mercar en outro país comunitario

- 3 Plazo xeral de resposta: un mes.

Valedora do Pobo

Órgano do Parlamento de Galicia ao servizo da cidadanía, para garantir os dereitos constitucionais e estatutarios e a boa administración. Podes solicitar axuda e defensa se cres que se están vulnerando os teus dereitos, sínteste discriminada ou eres vítima de abuso.

Como lle fago unha queixa á Valedora do Pobo?

Necesitas identificarte e describir o teu problema en persona na sede da defensoría (Rúa do Hórreo número 65 de Santiago de Compostela) ou enviando o teu caso pois seguintes vías:



Fax 981 572 335

Teléfono 981 569 740



Carta a: Valedor do Pobo.
Rúa do Hórreo 65. 15700
Santiago de Compostela.



Correo electrónico:
valedor@valedordopobo.gal



Cubriendo formulario na web:
<https://www.valedordopobo.gal/presentar-unha-queixa/>



Por redes sociais, enviando unha mensaxe privada en Twitter (@Valedordopobo) ou Facebook (Valedor do Pobo).

